

Por favor:

- Comunique os cambios que se produzan durante o curso : teléfono, enderezo ...

- Conserve este folleto durante todo o curso escolar. Pode serlle de utilidade



C.E.I.P. A CARBALLEIRA
Lugar de A Camba, nº 10, LOURIZÁN, 36910, PONTEVEDRA

Teléfono/FAX: 986 88 44 50

Páxina WEB:
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipacarballeira>

E-Mail: ceip.carballeira@edu.xunta.es

Blog biblioteca e E.N.D.L.:
<http://dinamizacioncarballeira.blogspot.com/>

Blog TIC:
<http://ticcarballeira.wordpress.com/>

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
«A CARBALLEIRA»
LOURIZÁN - PONTEVEDRA



Curso 2013/2014

Datos do seu interese

HORARIO LECTIVO ALUMNADO:

De 9:00 h. a 14:00 h.

HORARIO DE BIBLIOTECA:

De luns a venres: De 11:45 a 12:15 h.

Mércores de 16:45 h. a 18:15 h.

HORARIO DE ATENCIÓN AOS PAIS, NAIS E TITORES:

Martes: de 16:30 h. a 17:30 h.

Para asuntos urxentes, atenderáselles calquera día da semana pedindo cita ao profesor/a.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO:

- DIRECCIÓN: Luns, martes, xoves e venres de 9:00 h. a 10:00 h.
- SECRETARÍA: De Luns a venres de 9:00 h. a 10:00 h.

PERÍODOS VACACIONAIS

- Vacacións de Nadal: Desde o 22 de decembro de 2013 ata o 8 de xaneiro de 2014, ambos os dous inclusive.
- Vacacións de Semana Santa: Do día 14 ao 21 de abril de 2014, ambos os dous inclusive.

PERÍODOS NON LECTIVOS

(non habrá clase)

- Xoves, 31 de outubro de 2013 : Día do Ensino.
- Luns, 9 de decembro de 2013 e venres 2 de maio de 2014 (Pendientes de confirmación).
- Festas de entroido: 3, 4 e 5 de marzo de 2014.

IMPORTANTE PARA AS FAMILIAS

- Manter unha estreita colaboración entre a escola e a familia.
- Dar modelos positivos e resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercer a autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Xustificar as faltas de asistencia e puntualidade dos fillos/as.
- Respetar a liberdade de ensino do profesorado.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Cooperar co Centro tanto en casos de indisciplina ou agresividade como no proceso de ensino-aprendizaxe e de integración escolar.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, autonomía, o respecto cara aos demais.

- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse.
- Estimular aos seus fillos/as para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.
- Impedir que os fillos accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o Centro como un espazo de ensinanza e de formación.

IMPORTANTE PARA AO ALUMNADO

- Asistir a clase con puntualidade.
- Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento das súas capacidades.
- Respetar a autoridade do profesorado e de calquera membro da comunidade educativa, tanto dentro da aula coma en todo o recinto escolar.
- Seguir as directrices do profesorado.
- Participar activamente en todas as actividades programadas no colexio.
- Adoptar unha actitude correcta en clase, non permitindo-se o uso de móbiles, dispositivos electrónicos ou calquera obxecto que poida distraer ao propio alumno/a ou aos compañeiros/as.
- Tratar correctamente aos compañeiros/as, non permitíndose, en ningún caso o uso da violencia física ou verbal.
- Conservar e facer un bo uso das instalación do Centro e materiais didácticos.
- Respetar a liberdade de conciencia, as crenzas relixiosas e morais, a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.